

SITUACIÓN ACTUAL E ESTATUS DO MIÑATO ABELLEIRO (*PERNIS APIVORUS*) EN GALICIA

César Vidal e Rafael Salvadores

Vidal, C. e Salvadores, R. (2004). Situación actual e estatus do Miñato Abelleiro (*Pernis apivorus*) en Galicia. *Chioglossa*, 2: 9 - 12.

Revísase o estatus do Miñato Abelleiro (*Pernis apivorus*) en Galicia (NW Península Ibérica), en base a observacións publicadas e datos inéditos propios e de outros observadores, durante os períodos 1980-89 e 1990-2000. Para o segundo período compróbase unha área de distribución uniforme que atinxe a totalidade de Galicia, salvo quizais o seu extremo máis noroccidental. En base ás estimas poboacionais obtidas para o sur de Pontevedra e outras datos publicados, súxírese de forma provisional unha poboación mínima de 100-130 parellas nidificantes para Galicia, en claro contraste coas estimas precedentes, moito menores. Aínda que non se pode descartar unha expansión da especie nos últimos anos, o incremento da prospección ornitolóxica no país parece estar detrás deste aumento na área de distribución e o seu tamaño poboacional.

Palabras clave: distribución, estatus, Galicia, *Pernis apivorus*.

INTRODUCCIÓN

O Miñato Abelleiro (*Pernis apivorus*) é unha rapina que como nidificante presenta unha distribución case enteiramente europea, con mais do 75% da súa poboación neste continente e o 25% restante en Asia occidental. En Europa é unha ave estival, con toda a súa poboación migrante, que pasa o inverno nos bosques da África tropical (Tucker e Heath, 1994).

A poboación europea foi estimada en 110.000-160.000 parellas, destacando Rusia, con 70.000-100.000 parellas, e Francia, 8.000-12.000, considerándose en xeral como unha poboación estable (Tucker e Heath, 1994).

En España estimouse unha poboación dunhas 1.000 parellas (De Juana, 1989), destacando este mesmo autor o pobre coñecemento existente sobre o estatus da especie. En Portugal, a poboación

estimada é de 100-150 parellas (Palma *et al.*, 1999). No conxunto da Península Ibérica presenta unha distribución basicamente septentrional (Rufino, 1989; Cortés, 1997).

En Galicia, ata principios dos anos 90 a especie era considerada como moi escasa, cunha poboación inferior ás 10 parellas (Fernández-Cordeiro e Domínguez, 1991) e unha distribución practicamente limitada ao sector norte e oriental do país (Monteagudo, 1991; Alcalde, 1995). Sen embargo, nos últimos anos tense constatado a presenza regular da especie en diversas localidades de Galicia nunca antes citadas (Díaz e Epifanio, 1989; Costas, 1994; Munilla e Guitián, 1994; Salaverri e Munilla, 1995; Grupo Erva, 1996) o que fai recomendable a revisión do seu estatus actual, obxectivo que persigue o presente traballo.

MATERIAL Y MÉTODOS

Efectuouse unha revisión de todas as observacións publicadas sobre a especie en Galicia ata o ano 2000, que se complementaron coa información obtida por medio dunha enquisa efectuada a diversos ornitólogos e os datos propios dos autores. Estes últimos son principalmente o resultado dunha intensa prospección desde vehículo (estimada nuns 5.800 km percorridos entre os anos 1997 e 1998) na metade sur da provincia de Pontevedra, tomándose neste caso, ademais, datos sobre hábitat principal utilizado, fase de cor e comportamento, ao tempo que se mapearon todos os contactos coa especie, para obter unha estima da poboación nidificante.

Os datos obtidos clasificáronse como reprodución posible, probable ou segura, considerando como época adecuada de cría entre o 15 de maio e o 15 de Agosto, evitando desta forma posibles observacións de aves migrantes ou en dispersión. A categoría de cría posible foi determinada como observación dunha ou máis aves en época e hábitat adecuado, cría probable como ave ou parella con territorio establecido, voo nupcial ou aporte e construción de niño e cría confirmada como niño con polos ou usado do ano, adultos con ceba ou polos recen saídos do niño.

Esta información representouse utilizando as cuadrículas UTM de 10 x 10 km, elaborándose un mapa para os datos do período 1980-89 e outro para 1990-2000.

RESULTADOS E DISCUSIÓN

O mapa do período 1980-89 (Fig. 1) representa 13 cuadrículas con indicios de nidificación, sendo 4 delas posibles, 5 probables e 4 confirmadas. Para o período 1990-2000 (Fig. 2) as cuadrículas suman un total de 122, sendo as diferentes categorías 38, 62 e 16 respectivamente.

Este último mapa reflicte unha distribución bastante uniforme dos datos ao longo do país, se ben cunha notable concentración deles na metade sur de Pontevedra (a área na que se desenvolveron os percorridos desde vehículo) e en torno ás cidades da Coruña e Ferrol (onde diversos observadores realizaron un intenso traballo de campo). Por outra parte, podería destacarse unha aparente ausencia no occidente da provincia da Coruña, onde




FIGURA 1. Distribución das observacións de Miñato Abelleiro (*Pernis apivorus*) en Galicia no período 1980-1989. Círculos grandes: nidificación segura; círculos medianos: nidificación probable; círculos pequenos: nidificación posible. [*Breeding distribution of the Honey Buzzard in Galicia, NW Spain (1980-1989)*. Big circles: confirmed breeding; medium circles: probable breeding; small circles: possible breeding.]

J. L. Rabuñal (com. pers.) só atopa un indicio de cría nos últimos 20 anos para o sector máis nor-occidental.

Por todo isto, e tendo en conta o amplo espectro dos medios favorecidos pola especie (Bijlsma, 1997), e mesmo os observados polos autores para o sur de Pontevedra, pódese considerar que a especie se atopa distribuída con relativa uniformidade pola gran maioría do territorio de Galicia.

No que respecta ao tamaño da poboación, resulta evidente que é superior á última estima realizada, menos de 10 parellas para o ano 1989 (Fernández-Cordeiro e Domínguez, 1991). Só para o sur da provincia de Pontevedra, nunha superficie en torno a 1.680 km², os datos obtidos nos anos 1997 e 1998 permiten calcular un mínimo de 10-15 parellas reproductoras, cun máximo probablemente non moi superior, tendo en conta as baixas densidades da especie (Pimenta e Santarem, 1996;




FIGURA 2. Distribución das observacións de Miñato Abelleiro (*Pernis apivorus*) en Galicia no período 1990-1998. Círculos grandes: nidificación segura; círculos medianos: nidificación probable; círculos pequenos: nidificación posible. [*Breeding distribution of the Honey Buzzard in Galicia, NW Spain (1990-1998)*. Big circles: confirmed breeding; medium circles: probable breeding; small circles: possible breeding.]

Cortés, 1997). Para o centro e norte de Portugal Palma *et al.* (1999), obteñen densidades variables entre 1-2 e 2-4 parellas/1.000 km², menores ás existentes no sur, onde se concentran os maiores efectivos. Para Galicia, tendo en consideración a ampla área de distribución da especie no país, e extrapolando a este territorio un valor de densidade medio comprendido entre estas densidades e a estimada para o sur de Pontevedra, pódese calcular de forma provisional unha poboación situada nun mínimo de 100-130 parellas.

No referente ao importante cambio do estatus observado, considérase que debe explicarse máis por un aumento do esforzo prospector realizado nos últimos tempos (obvio na metade sur de Pontevedra e sen dúbida xeralizado en toda Galicia) e menos por unha posible expansión da especie, posibilidade sen embargo apuntada por outros autores en diferentes sectores do norte peninsu-

lar (Fernández, 1983; Noval, 1986; Monteagudo, 1991), pero non compartida para Portugal (Palma *et al.*, 1999). A este respecto cómpre destacar os discretos hábitos do Miñato Abelleiro, que a convirten nunha das rapinas europeas menos estudadas, requeriéndose unha prospección intensa para evidenciar a súa presenza. Sen embargo, as fluctuacións ás que se pode ver sometida a especie en función de adversas condicións climáticas (Bijlsma, 1997) poden estar relacionadas con procesos de ampliación e contracción da súa área de distribución. No caso de confirmarse unha maior escaseza ou mesmo ausencia no extremo occidental da provincia da Coruña, un seguimento da súa evolución neste sector podería evidenciar unha posible expansión oriente-occidente do Miñato Abelleiro.

AGRADECIMENTOS

A todos aqueles que aportaron os seus datos para este traballo: Ignacio Allegue, Pedro Alonso, Lito Andión, David Bigas, Alberto Gil, Antonio Gutiérrez, Pablo Gutiérrez, Ricard Gutiérrez, José Manuel M. Mariño, Alberto Monteagudo, Martiño Nercellas, Marcos Pousa, Pablo Pita, José Luís Rabuñal, Luis Reino, Luís José Salaverri e José Antonio de Souza e a Tito Salvadores pola súa axuda co inglés.

SUMMARY

Present status of the Honey Buzzard in Galicia (NW Spain)

The status of Honey Buzzard (*Pernis apivorus*) in Galicia (NW Iberian peninsula) is reviewed, based on previously published records and unpublished sightings, by the authors or by other observers, for the periods 1980-1989 and 1990-2000. For the latter period it has been verified that the species has a uniform area of distribution which covers the whole of Galicia except, perhaps, the extreme north-west. Based on population estimates obtained for the South of Pontevedra province and other published data, it is suggested a minimum population of 100-130 nesting pairs for Galicia. This clearly contrasts with previous estimates, which were much lower. Although population expansion for the species in recent years cannot

be ruled out, greater ornithological prospection in the country seems to be behind this increase in both distribution area and population size.

Key words: distribution, Galicia, *Pernis apivorus*, status.

BIBLIOGRAFIA

- Alcalde, A. (1995). Miñato Abelleiro *Pernis apivorus*. En SGHN (Eds.): *Atlas de Vertebrados de Galicia. Tomo II. Aves*, páx. 370. Consello da Cultura Galega, Colección do Patrimonio Ecolóxico, Santiago de Compostela.
- Bijlsma, R. (1997). Honey Buzzard. En W. J. M. Hagemeyer e M. G. Blair (Eds.): *The EBCC Atlas of European Breeding Birds*, páxs. 130-131. Londres.
- Cortés, J. A. (1997). Abejero Europeo. En F. J. Purroy (Coord.): *Atlas de las aves de España (1975-1995)*, páxs. 88-89. Lynx Edicions, Barcelona.
- Costas, R. (1994). Noticiario Ornitológico. Halcón Abejero. *Ardeola*, 41: 196.
- De Juana, F. (1989). Situación actual de las rapaces diurnas (Orden Falconiformes) en España. *Ecología*, 3: 237-292.
- Díaz, E. M. e Epifanio, J. (1989). Noticiario Ornitológico. Halcón Abejero. *Ardeola*, 35: 302
- Fernández, A. (1983). *Distribución estacional y espacial de una comunidad de falconiformes en el Alto Ebro*. Memoria de Licenciatura, Universidad del País Vasco.
- Fernández-Cordeiro, J. A. e Domínguez, J. (Comp.) (1991). Catálogo provisional de aves nidificantes amenazadas de Galicia. En A. Fernández-Cordeiro e J. Domínguez (Eds.): *Actas do Primeiro Congreso Galego de Ornitología*, páxs. 269-272. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- Grupo Erva (1996). *III Anuario das Aves de Galicia, 1995*. Vigo.
- Monteagudo, A. (1991). Nidificación del Halcón Abejero (*Pernis apivorus*) en la provincia de A Coruña. En A. Fernández-Cordeiro e J. Domínguez (Eds.): *Actas do Primeiro Congreso Galego de Ornitología*, páxs. 69-73. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- Munilla, I. e Guitián, J. (1994). *Primeiro Anuario das Aves de Galicia, anos 1992-1993*. Santiago de Compostela.
- Noval, A. (1986). *Guía de las Aves de Asturias*. Alfredo Noval editor, Gijón.
- Palma, L., Onofre, N. e Pombal, E. (1999). Revised distribution and status of birds of prey in Portugal. *Avocetta*, 23 (2): 3-18.
- Pimenta, M. e Santarem, M. L. (1996). *Atlas das Aves do Parque Nacional da Peneda-Gerês*. ICN - P. N. da Peneda-Gerês.
- Rufino, R. (Coord.) (1989). *Atlas das Aves que nidificam em Portugal Continental*. SNPRCN/CEM-PA, Lisboa.
- Salaverri, L. J. e Munilla, I. (1995). *II Anuario das Aves de Galicia, ano 1994*. Santiago de Compostela.
- Tucker, G. M. e Heath, M. F. (Eds.) (1994). *Birds in Europe. Their conservation Status*. BirdLife International, Cambridge.

César Vidal
Castro 19, Borreiros
36278 Gondomar (Pontevedra)

Rafael Salvadores
Portanet 23 2ºB
36210 VIGO